



INFORME

Asunto: Informe do segundo trimestre de 2014 relativo ao cumprimento de prazos da lei 15/2010

A funcionaria que subscribe, en cumprimento do disposto nos artigos 4 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emite o seguinte informe:

Antecedentes de feito

O día 6 de xullo de 2010 publicouse no BOE a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación. O obxectivo último da lei é a diminución dos prazos de pago, e a loita contra a morosidade nas operacións comerciais entre empresas e entre éstas e a Administración.

O artigo 3 da Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público considera que forma parte do sector público as fundacións que se constitúan cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, de unha ou varias entidades integradas no sector público, ou cuxo patrimonio fundacional, con un carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 % por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades. Establécese no apartado 2 os entes, organismos e entidades que, dentro do sector público terán, aos efectos desta Lei, a consideración de Administración Pública, e aos que le será de aplicación o previsto no artigo 216.4 do texto refundido da Lei de contratos.

A Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)(en adiante Fundación TIC) é una fundación pública local dependente da Deputación Provincial de Lugo ao ter o 100% da dotación fundacional e segundo o artigo 7 dos seus estatutos sociais a fundación, aos efectos de aplicación da Lei de contratos do sector público, no é Administración Pública pero ten a consideración de poder adjudicador.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e a interpretación que a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no informe 58/10, de 23 de maio de 2011, en relación ao prazo de pago aplicable aos entes, organismos e entidades que, pertencendo ao sector público estatal, non teñan a consideración de Administración Pública e segundo o establecido no artigo 4 da lei 3/2004, é polo que se considera que o prazo de pago da fundación será de 60 días.

Como mecanismo de transparencia no cumprimento das ditas obrigas de prazos de pago, a dita Lei 15/2010 establece que se rendan informes periódicos, tal e como dispoñen os apartados 3 e 4 do artigo cuarto da dita lei:

“Artigo 4. Morosidade das Administracións Públicas.

...

3. Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluíra necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo os seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.

...

Tendo en conta que no artigo 22 dos estatutos da fundación crease a figura do interventor da fundación, as referencias que o artigos 4 da Lei 15/2010 fan aos Tesoueiros e Interventores das Corporacións Locais débense entender feitas á Interventora da Fundación.

Informe

Para a súa elaboración e a dos anexos adoptáronse, por unha banda, os criterios colexiais do Consello Xeral de Secretarios, Interventores e Tesoueiros e, por outra, seguiuuse a guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, que está a disposición dos usuarios na web do Ministerio de Economía e Facenda, na oficina virtual das entidades locais.

O ámbito de aplicación son as operacións comerciais, estando incluídas aquelas que realicen os poderes adxudicadores para a execución dos contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, subministro, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado.

Quedan, por tanto, excluídos todos os gastos de retribucións do persoal, gastos de transferencia corrente ou de capital, gastos de natureza financeira e pagos pendentes derivados de obrigas non orzamentarias.

Polo que atinxe ao período concreto respecto ao que se emite o presente informe e anexos, correspóndense cos documentos xustificativos do **segundo trimestre de 2014** respecto dos que se cifrará o número e contía global dos mesmos e relacións valoradas anotadas no Rexistro de Facturas, tal e como se recolle nos Anexos a este informe.

Dos datos reflectidos no anexo I obsérvase que o período medio de pago no trimestre é de 18,37 días, o cal está dentro do período legal de pago establecido para este exercicio con carácter xeral e que é de 60 días.

Por todo o exposto **proponse**:

Primeiro. Que o presente informe e os seus anexos se eleven ao Padroado da Fundación TIC, de conformidade co artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Segundo. Dispoñer que se proceda á súa inserción na páxina web da Fundación.

Terceiro. Que, en todo caso, se de traslado á Deputación de Lugo, ao Ministerio de Economía e Facenda (á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas CCAA e coas EELL) e á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.

Lugo, 23 de xullo de 2014

A interventora



Rosa Abelleira Fernández



ANEXO I

Informe TRIMESTRAL de cumprimento de prazos Lei 15/2010
Detalle de pagos realizados e pendentes de pago da Entidade Local

RESTO DE ENTIDADES

Entidade Local : Fundación TIC

Exercicio: 2014

Trimestre: SEGUNDO

Pagos realizados no trimestre	Periodo Medio de Pago (PMP) (días)	Periodo Medio de Pago Excedido (PMPE) (días)	Pagos realizados no Trimestre			
			Dentro período legal pago		Fora período legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Aprovisionamentos e outros gastos de explotación	18,75	264,11	100	87.485,62	9	245,34
Adquisicións de inmovilizado material e intanxible	4,32	-	4	2.383,74	-	-
Sen desagregar	-	-	-	-	-	-
Total	18,37	264,11	104	89.869,36	9	245,34

Xuros de demora pagados no trimestre	Xuros de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total xuros
Aprovisionamentos e outros gastos de explotación	-	-
Adquisicións de inmovilizado material e intanxible	-	-
Sen desagregar	-	-
Total	-	- €

Faturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Periodo Medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Periodo Medio do pendente de pago excedido (PMPE) (días)	Pendentes de pago ao final do trimestre			
			Dentro período legal pago ao final do trimestre		Fora período legal pago ao final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Aprovisionamentos e outros gastos de explotación	4,43	-	6	15.541,45	-	-
Adquisicións de inmovilizado material e intanxible	-	-	-	-	-	-
Sen desagregar	-	-	-	-	-	-
Total	4,43	-	6	15.541,45	-	-

